



**Quen teñan contratada a tele de R poderán ver a serie que estrea SkyShowtime
luns 6 de outubro**

R preestrea *Nails*, a nova serie española Orixinal de *SkyShowtime*, nos Cantones Cines da Coruña

- *No evento estará Teresa Cuesta, unha das actrices principais, e veranse os dous primeiros capítulos de “Nails”.*
- *Nos cines coruñeses habilitaranse un recuncho para fotos e autógrafos e un espazo de manicura, en liña coa temática da serie.*
- *R sorteou convites entre os/as seus/súas clientes/as en redes sociais para asistir á preestrea o 2 de outubro.*
- *A serie conta a historia de catro mulleres que se coñecen nun salón de manicura e fanse amigas e cómplices.*

Martes, 30 de setembro de 2025.- A un paso da chegada de *Nails* a R* a través de *SkyShowtime*, a serie preestréase nos Cantones Cines da Coruña o xoves 2 de outubro (19:00 h) cun evento ao que asistirá Teresa Cuesta, intérprete de Vanessa, unha das protagonistas.

Quen teñan contratado o servizo de televisión de R gozarán da serie completa dende o próximo 6 de outubro, día da estrea en *SkyShowtime*.

Catro mulleres, un salón de manicura e un ‘paso atrás’

A serie española —8 episodios de 30 minutos en clave de humor— xira ao redor de catro mulleres de diferente estrato social que se coñecen nun salón de manicura. Os seus encontros periódicos van afianzando unha amizade que as fará cómplices para tomaren, seguramente, a decisión máis importante das súas vidas: dar un paso atrás e volver ser mulleres “como as de antes”.

*Agile TV a través de OVER THE TOP NETWORKS IBÉRICA, S.L.U. é o provedor do servizo de televisión de R (Ocio e TV Total). *SkyShowtime* está incluído na oferta actual (Ocio e TV Total) e en calquera outra oferta de TV activa con descodificador.



Preestrea con entrevista e minisalón de manicura

Antes de **vérense os dous primeiros episodios** nos Cantones Cines, a actriz e cantante Teresa Cuesta —coñecida tamén polo seu traballo en *Machos Alfa*, en Netflix— conversará co presentador galego **Duarte Galbán**, comunicador carismático da TVG, que conducirá o acto.

Ademais, nos cines herculinos habilitaranse un **recuncho para fotos e autógrafos** e un **espazo de manicura**, en liña coa temática da serie, para ambientar o espazo e crear unha atmosfera adaptada ao contido de *Nails*.

R sorteceu invitacións dobres entre os/as seus/súas clientes/as en redes sociais para asistir á preestrea da serie na Coruña. Para o resto do público que teña contratada a tele de **R** a cita é o vindeiro luns 6 de outubro en *SkyShowtime*. A audiencia asistirá dende entón ás vivencias compartidas deste cuarteto feminino tan peculiar nun salón de manicura.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal